



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DEZAOITO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (08/2026)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás once horas do día dezaioito de xuño de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria urgente convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde- Presidente, D. Andrés Feal Varela, nin D. Ángel Filgueiras Grueiro, que escusou a súa ausencia.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Pronunciamento preceptivo sobre a urxencia da sesión
- 2.- Prórroga contrato execución de obras
- 3.- Aprobación de proxecto técnico modificado e modificación do contrato de obras de Rehabilitación integral de edificio municipal destinado a Centro social
- 4.- Aprobación plan subcontratación obras

1.- PRONUNCIAMENTO PRECEPTIVO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN

O Sr. Alcalde expón que xa no propio documento da convocatoria, nos antecedentes, indica que resulta necesario convocar este pleno para resolver con urxencia sobre os temas que se reflicten na orde do día para axilizar os respectivos trámites e expedientes e cumprir cos prazos, que se ben é certo que o día seguinte teñen un Pleno ordinario, un día agora mesmo é ouro, sabendo que a obra ten que estar rematada antes do 30 de xuño e máis aínda tendo a acta de recepción da obra o día 22.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que se vai someter a votación a urxencia da sesión. Vótase. O resultado é que votan a favor da urxencia todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, apreciada a urxencia da sesión por unanimidade, o Sr. Alcalde en funcións así o proclama e continúa con ela.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2.- PRÓRROGA CONTRATO EXECUCIÓN DE OBRAS

O Sr. Alcalde en funcións expón que o primeiro prazo que se lle deu á empresa era ata o día 15 de xuño, e que non lle foi posible tela rematada nesa data, polo que piden unha prórroga ata o día 21 de xuño para ultimar as obras. Deseguido procede á lectura parcial da súa proposta de acordo sobre este tema que se transcríbese textualmente a continuación e consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/C003/000002, que se entregou con anterioridade á celebración desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, xunto cos informes da Dirección de Obra e da Secretaría-Intervención emitidos para o efecto, que tamén constan asinados dixitalmente no expediente electrónico reflectido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDIA AO PLENO DA CORPORACIÓN

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Expediente de contratación 2025/C003/000002, coas características que se sinalan:

Tipo de contrato:		Obras
Denominación obra		PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (25 septiembre 2025)
Financiamento:		UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION (PRTR) -Nº EXPEDIENTE ITJ 2022/C187.
Procedemento de contratación :		Aberto
Tipo de tramitación		URXENTE (Interese público: cumprir cos prazos estipulados na convocatoria da subvención que financia a inversión, polo axustado prazo de execución das obras)
Empresa adxudicataria:		SERGONSA SERVICIOS, S.L.
Importe adxudicación		Importe: 392.043,00Total: 474.372,03
Prazo execución		Ata 15-06-2026
Data adxudicación		05-12-2025
Data formalización contrato		17-12-2025Ata implantación: 12-01-2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

SEGUNDO. A empresa adxudicataria, en data 15 de xuño de 2026, presentou solicitude de prórroga instando o seguinte: *"a ampliación de prazo de una semana hasta el 21 de junio de 2026 para poder realizar los últimos detalles de la obra, manteniendo su acta de recepción para el 22 de junio"*.

TERCEIRO. O director da obra e o director de execución da obra, mediante documento asinado conxuntamente do día da data, entre outras cousas, informan:

"2.- Que debido a que foi necesario modificar o Proxecto co obxectivo de conseguir a autorización total da Dirección Xeral de Patrimonio, esta modificación implica retraso para a empresa contratista.

3.- Que por parte da empresa solicítase unha prórroga, ata 21/06/2026, para ultimar as obras.

Polo tanto, estímase xustificada e necesaria a concesión da prórroga, que a efectos de unificar datas e facilitar o seu control, estímase dunha semana.-"

CUARTO. Consta así mesmo no expediente informe de secretaría asinado dixitalmente no día da data.

Considerando que foi necesario modificar o proxecto técnico destas obras co obxectivo de conseguir a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, que esta modificación implicou retraso para a empresa contratista, que non constan outros motivos do retraso imputables ao contratista, que o prazo de prórroga que se solicita é moi breve e o permite a xustificación da axuda que financia as obras, que non se modifica a data prevista para a recepción das obras e que a concesión da prórroga esta xustificada e é necesaria para rematar as obras, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Conceder á empresa SERGONSA SERVICIOS, S.L., unha prórroga ata o 21 de xuño de 2026 para a finalización da obra.

Segundo: Notificar es acordo á empresa adxudicataria e á dirección de obra, para os efectos que procedan.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

O Sr. Alcalde en funcións conclúe que se trata de darlles unha prórroga ata o día 21 e pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e pregunta se dan rematado para o 21. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que si, que queda poñer as xanelas e portas e o tema de electricidade. D. Manuel García Deive pregunta se se pode facer a prórroga de máis larga duración. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que non, que ten que estar rematada a obra antes do día 30 deste mes. O Sr. Concelleiro contéstalle que xa, pero que desde o 21 aínda quedan 9 días para o 30. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que fan falta eses días para os documentos todos, para envialos ao ITJ, e que fai falta o tempo, pero que dan rematado.

Non se producen máis intervencións e o Sr. Alcalde en funcións somete o asunto a votación. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía transcrita é aprobada por UNANIMIDADE polo Pleno da Corporación e, polo tanto, quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO E MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL

O Sr. Alcalde en funcións indica que houbo que aprobar unha modificación do primeiro proxecto debido principalmente a dúas cousas. Unha, que no proxecto inicial contemplábase madeira de pino e parece ser que a empresa que debía subministrar esa madeira, que foi subcontratada, non tiña stock suficiente, e en lugar de pino cambiárona por abeto. E a segunda é debido á cheminea porque no primeiro proxecto non ía ben delimitada, e tamén se tivo que modificar o proxecto para obter a autorización de patrimonio, e son principalmente por esas dúas cousas, e que teñen no informe-proposta, que se transcribe literalmente deseguido e consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/C003/000002, que se entregou con anterioridade á celebración desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, xunto co proxecto, o documento de aceptación da empresa contratista, a autorización de Patrimonio sobre o dito proxecto, os informes da Secretaría-Intervención, da Dirección de Obra, e os do Técnico contratado para a prestación da asistencia técnica e urbanística ao Concello, que tamén constan no dito expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Denominación do proxecto contratado:	PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (25 septiembre 2025)”, asinado o 25 de setembro de 2025		
Denominación do proxecto modificado:	“PROXECTO REFUNDIDO 2 DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (mayo 2026)”, asinado o 19 de maio de 2026		
Plan:	Subvención ITJ		
Orzamento base de licitación	Base imponible:		411.724,25
	Ive:		86.462,09
	Total orzamento:		498.186,34
Valor estimado	Total valor estimado:		411.724,25
Autor do proxecto	Nome e apelidos:	Carmen Pérez Pérez	
	Titulación:	Arquitecta	
Empresa adxudicataria			SERGONSA SERVICIOS, S.L
Prezo de adxudicación			474.372,03

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver a documentación do expediente núm. 2025/C003/000002, e en concreto a versión do proxecto técnico contratada e a modificada que se propón aprobar agora e modificar o contrato consecuentemente, a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que o autoriza (Expediente XTC-2026-0153 (2).AUI), asinada polo Director Territorial de A Coruña o 4-6-2026, os informes do técnico contratado para a prestación do servizo de asistencia técnica e urbanística asinados o día de onte sobre a viabilidade urbanística do proxecto modificado e sobre a modificación do contrato, o informe conxunto asinado polo Director da Obra e polo Director da Execución da Obra presentado o día da data, a conformidade da empresa adxudicataria coa modificación do proxecto e do contrato e os informe da Secretaría e da Intervención–Intervención do día da data, e considerando que a modificación se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder ás causas obxectivas que a fan necesaria, e dicir, para obter a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio e resolver a incidencia da imposibilidade de subministración dalgunhas das unidades previstas no proxecto inicial, que a modificación non afecta á contía do contrato, e se ben se inclúen prezos novos que superan o 3 por cento do orzamento primitivo do contrato, non representan máis do 50 por cento do seu orzamento inicial, que polo tanto atopa xustificación indubidablemente nos supostos que se relacionan no artigo 205.2.b) e c) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público, que introduce no contrato as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a fai necesaria, que o orzamento do proxecto non se modifica e que constan as razóns polas que as prestacións non se incluíron no contrato inicial, resultando xustificado que responde a causas imprevistas e que, por isto, resulta necesaria a modificación do contrato para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante el e, polo tanto, xustificada a necesidade da modificación polas razóns de interese público concorrentes, e tamén que non se trata de modificacións substanciais porque non teñen como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio, nin se cumpre ningunha das condicións para considerar a modificación substancial que sinala o artigo 205.2.c). da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público, e que é materialmente imposible obter o informe de supervisión de proxectos coa rapidez coa que se precisa, que están metidas as DACI de todos os participantes nas aplicacións Coffee e Minerva e non se notificou ningunha incidencia nin ningún conflito, que aínda non constan as actas de fixación de prezos de forma contradictoria por una cuestión de tempo e que se van incorporar nun prazo moi breve segundo me informan da dirección de obra, que non haberá ningún inconveniente para obter a autorización do ITJ cando sexa posible solicitala, por que se cumprirá con todas as súas condicións e requisitos, e que, doutro xeito non se podería xustificar en prazo a subvención que financia as obras co risco de perder o financiamento e que, polo tanto, concorren razóns de interese público para a adopción dos acordos que se reflicten deseguido na parte dispositiva, propóñolle ao Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Continuar coa tramitación do expediente e entender con isto resoltas as cuestións planteadas pola Intervención Municipal polas razón de interese público concorrentes.

SEGUNDO: Aprobar o proxecto modificado nomeado “*PROXECTO REFUNDIDO 2 DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL* (mayo 2026)”, asinado o 19 de maio de 2026 pola arquitecta autora tamén do contratado, Carmen Pérez Pérez, cun orzamento de 498.186,34€, que consta nos expedientes electrónicos da aplicación Tedec núm. 2022/A008/000019 e 2025/C003/000002.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

TERCEIRO: Aprobar a modificación do contrato substituíndo o proxecto técnico contratado polo que se aproba agora.

CUARTO: Notificar este acordo á empresa adxudicataria, á Dirección de Obra, a Dirección de Execución de Obra e á empresa contratada para levar a cabo o control de calidade.

QUINTO: Publicar esta modificación do contrato no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP)

SEXTO: Requirir á empresa adxudicataria para a formalización do contrato de xeito inmediato e nun prazo máximo de 24 horas.

SÉTIMO: Unha vez formalizada a modificación do contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP)

OITAVO: Remitir o proxecto técnico nomeado “*PROXECTO REFUNDIDO 2 DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL* (mayo 2026)”, asinado o 19 de maio de 2026 pola arquitecta autora tamén do contratado, Carmen Pérez Pérez, cun orzamento de 498.186,34€, ao Instituto para a Transición Xusta para os efectos de comunicarlle todas as modificacións con respecto aos proxectos anteriores e solicitar a autorización da modificación en aplicación do artigo 24 da Orde reguladora da convocatoria.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que se vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía transcrita é aprobada por UNANIMIDADE polo Pleno da Corporación e, polo tanto, quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

4.- APROBACIÓN PLAN SUBCONTRATACIÓN OBRAS

O Sr. Alcalde en funcións indica que se ben nun principio tiñan unha proposta, agora se lles deu outra emendada porque xa veu o informe de Facenda, de Minerva. Que o que se trata é de aprobar o plan de subcontratación das obras. Que a empresa adxudicataria, Sergonsa, subcontratou a outras nove empresas, das que teñen o listado. Que subcontratou instalacións de climatización, de fontanería e electricidade, pintura interior, canalón de zinc, tabiques trasdosados e faltos teitos, cuberta de pizarra, reboco de morteiro de cal, carpintaría interior de madeira, carpintería exterior de madeira, estrutura de madeira e apeiros da fachada. Que iso foi o que subcontratou a empresa.

Deseguido procede á lectura da súa proposta de acordo sobre este tema emendada que se transcríbese textualmente a continuación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/C003/000002, e se entregou con anterioridade á celebración desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, xunto coa proposta orixinal, o Plan de Subcontratación e o informe sobre o risco de conflitos de interese emitido pola Axencia Tributaria, aplicación MINERVA, co resultado de que non se detectou a existencia de ningún conflito de interese e que todas as parellas decisor-potencial beneficiario están na situación de bandeira verde, que tamén constan no dito expediente electrónico:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“EMENDA DE MODIFICACIÓN QUE FORMULA O SR. ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO Á PROPOSTA DE ACORDO INCLUÍDA NO PUNTO 4º DA SESIÓN PLENARIA A REALIZAR O DÍA 18 DE XUÑO DE 2026

Logo de recibir o resultado de análise de riscos de conflito de intereses da Axencia Tributaria en relación con este punto, co resultado de no detección de existencia de riscos de conflito interese resulta conveniente emendar a dita proposta de acordo que queda do seguinte xeito:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA ALCALDÍA EMENDADA

Nº Expediente:	2025/C003/000002
Obxecto:	Obras: REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL
Asunto	PLAN SUBCONTRATACIÓN

Logo de ver o Plan de subcontratación presentado pola empresa adxudicataria da obra que se indica deseguido, a relación de subcontratistas coa súa identificación e características e a súa documentación anexa, que están incorporadas ao expediente as declaracións de ausencia de conflito de intereses (DACI) das persoas que dalgunha maneira participan no procedemento de contratación seguindo o asesoramento conveniado e subcontratistas declarados, e comprobáronse as ditas DACI cos datos de titularidade real que constan na aplicación MINERVA da Axencia Tributaria, co resultado de que o Informe de risco de conflitos de interese da Axencia Tributaria, aplicación MINERVA, é o seguinte: *“Se ha realizado el análisis de riesgos de las 135 posibles parejas decisor-potencial beneficiario, siendo el resultado el siguiente: -135 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes) -0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas). Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o constan como fallecidos (banderas negras). Todas las parejas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandera verde.”*, o documento de aprobación do plan de subcontratación emitido ao respecto polos Técnicos contratados para o efecto, Jesús Manuel Hermida Veiga, director de execución da obra e coordinador de Seguridade en fase de execución e por Jesús Pena Noya, director da obra, propóñolle ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Tomar razón da relación de empresas subcontratistas co seu detalle e documentación anexa e do plan de subcontratación das obras, presentados pola empresa, SERGONSA SERVICIOS S.L, adxudicataria da obra nomeada, PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (25 setembro 2025), financiada con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - Next Generation (PRTR) Nº expediente ITJ 2022/C187, prestarlles aprobación e autorizar ditas subcontratacións.
2. Notificar este acordo á empresa adxudicataria e aos técnicos para os efectos que procedan.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Durante a lectura, o Sr. Alcalde en funcións explica que isto é un requisito que se ten que enviar a Facenda para que non haxa conflito de intereses, tanto pola súa parte, que son decisores, os concelleiros e os funcionarios do Concello que pertencen a unha mesa de contratación, e os potenciais beneficiarios, que son a empresa adxudicataria e os subcontratistas, e que saíu como resultado que non hai ningún conflito.

Conclúe o Sr. Alcalde en funcións que se trata de aprobar o plan de subcontratación que, unha vez metido no MINERVA, figura que non hai ningún conflito de interese.

Deseguido, pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que se vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a súa proposta de acordo emendada é aprobada por UNANIMIDADE polo Pleno da Corporación e, polo tanto, quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

O Sr. Alcalde en funcións, ao non haber máis asuntos que tratar, levantou a sesión, ás once horas e nove minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor